



1. Líder BASKET

VITORIA CO OLLO POSTO NO DERBI



64 50

Tras gañar a Sigaltec e facilitar o camiño para disputar os playoffs, Durán Maquinaria Ensino xa pensa no próximo encontro, o derbi capitalino ante Estudiantes que se disputará o vindeiro sábado a partir das seis da tarde

49 61

O Academia A Mariña Burela chega coas espadas en todo o alto

ás tres últimas xornadas na Liga Galega infantil feminina, nas que buscará unha praza entre os catro primeiros para disputar o Campionato Galego

64 61

Celtas de Foz gaña e ten na súa man o pase á segunda fase

Os de Armando impuxéronse nun duelo de poder a poder a Basquet Coruña e contan con tres vitorias máis que Estudiantes, que marca o corte, a falta de catro xornadas

LIGA GALEGA CADETE **59 65**



Hugo Cobas foi esta vez o francotirador mariño no derbi ante Ribadeo

San Ciprián remontou na segunda parte un encontro no que os de Manolo Cobas asinaron 14 triplas, 9 coa sinatura de Hugo, que foi o máximo anotador con 33 puntos. Os de Sama foron mellores na primeira metade, 41-31, pero caeron tralo descanso ante un conxunto que se asegurou unha praza na seguinte fase, na que se citan os 8 mellores equipos de Galicia

Unha tripla sobre a bucina tombou ao Ensino en Santiago

TERCEIRA DERROTA DAS LUCENSES e primeira de Juan Nécega no banco. A posta a punto cara os play off é o principal obxectivo do Durán Maquinaria nas 8 xornadas que restan por disputar



Natalai Martínez subindo o balón nun partido no Anexo

ROSALÍA		ENSINO	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Seoane	8	Laura	20
Penedo		Matea	7
Laura	17	Natalia M.	3
Marta	7	Eva	7
Natalia		Alba	12
Andrea	10	Carmen	7
Ana		Natalia G.	14
Lucía		Elena	
Carla		Catuxa	
Nerea	35	Paula	8
Elena		Amy	
		Maite	11

Primeira derrota de Juan Nécega á fronte do Durán Maquinaria Ensino na Liga Galega júnior feminina, tras caer cunha tripla no último segundo dun emocionante encontro disputado en Santiago ante Instituto Rosalía.

Unha derrota coa que as Lucenses xa se despiden por completo do primeiro posto, polo que buscarán o billete para o Campionato de España polo camiño máis longo, o dos play off.

"TENEMOS QUE SER CAPACES DE MANTENER LOS MOMENTOS QUE TENEMOS DE BUEN JUEGO A LO LARGO DE LOS CUARENTA MINUTOS DE PARTIDO"

JUAN NÉCEGA - Durán Maquinaria Ensino

A falta de oito xornadas a posta a punto para esa cita convértese no principal obxectivo dun Ensino que rozou a vitoria en Santiago.

A intensidade, como era de esperar, foi a tónica dominante do encontro desde os primeiros minutos nos que Rosalía empezou con dominio no rebote ofensivo e con iso tomou as primeiras vantaxes no marcador, 23-17 ao final do primeiro cuarto.

No segundo Ensino pechou e cargou mellor o rebote, conseguindo sacar con claridade o balón a posicións de tiro para impoñerse neste parcial 13-18 e chegar ao descanso con máxima igualdade no marcador, 36-35.

Tralo paso polos vestia-

rios Rosalía foi máis efectivo no seu xogo, dentro da igualdade, e cun terceiro parcial de 22-15 chegou aos últimos dez minutos con máis 8 no marcador.

Lonxe de baixar os brazos, Ensino deu un paso á fronte en todas as facetas do xogo ata darlle a volta ao marcador.

A 11 segundos para o final, Chiqui Barros, adestrador de Rosalía, solicitou un tempo morto no que deseñou unha xogada para gañar. Meteu o balón á pintura acaparando a atención da defensa lucense antes de sacalo á liña de tres puntos, onde Andrea estaba soa e tivo o acerto necesario para desnivelar o marcador final cunha tripla sobre a bucina.

11

SEGUNDOS FINAIS co Durán Maquinaria Ensino por diante no marcador, 74-75. Chiqui Barros, adestrador compostelán, trazou unha xogada cun tempo morto que desencadenou nunha tripla local que decantou o partido

20

PUNTOS MATEA, que foi a máxima anotadora do Durán Maquinaria Ensino en Santiago ante Instituto Rosalía

35

PUNTOS DE NEREA, máxima anotadora do encontro e imparabile durante moitas fases do xogo para o conxunto lucense

1. Líder BASKET

CADA MARTES
TODA
A INFORMACIÓN
DO BALONCESTO
BASE LUCENSE



Dani trata de superar a presión dun xogador rival



Hugo a piques de facer un pase dentro da pintura



Antón presionado a media pista nunha acción de ataque

Ensino puxo pé e medio nos play off

OS DE ADRIÁN GONZÁLEZ teñen 4 vitorias e basketaverage a favor sobre Sigaltec, que marca o corte dende o sexto posto da táboa

ENSINO		SIGALTEC	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
64	50		
Eloy	2	Santourum	
Mario		Rodríguez	
Samuel		Sabuqueiro	
Antón Real	9	Sarquieira	
Cristian	7	Padín	
Hugo Rey	18	Buceta	
Sergio	8	Rodríguez	
Jorge		Barreiro	
Oloqui	12	Porto	
Dani López	5	Galbán	
Seny	1	Castañal	
Tshunza	2	Barreiros	

“GRAN ESFUERZO DE UN EQUIPO QUE QUIERE IR A MÁIS”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

off da Liga Galega júnior tras impoñerse a Sigaltec, sexto clasificado, que se queda a catro vitorias e sen o basketaverage a falta de seis xornadas.

O partido trasladouse a Nadelá pola condensación no Anexo. Ensino tivo unha boa predisposición defen-

siva nos primeiros minutos nos que faltou acerto en ataque para tomar máis vantaxe do 15-11 ao final do primeiro cuarto. A tónica continuou no segundo parcial cun apagón ofensivo nos último catro minutos da primeira parte que deixaban o marcador ao descanso nun axustado 29-23.

A segunda parte volveu empezar ben, pero tres minutos de desconexión

propiciaron que Sigaltec remontase o encontro para chegar con máis 3 aos últimos dez minutos.

Cando peor pintaban as cousas nos últimos dez minutos, tras remontar Sigaltec, O Ensino ofreceu a súa mellor versión, tirou de carácter, púxose o mono de traballo e con bo baloncesto, os de Adrián González puxeron pé e medio nos play off cun parcial final de 18-2.



O ensinista Mario nunha xogada ao contraataque



Oloqui, 12 puntos, a piques de finalizar unha bandexa

Estudiantes lócese en Tui e chega pletórico ao derbi capitalino

OS CELESTES reciben ao Ensino o sábado a partir das 18:00 horas sen marxe de erro para seguir na loita polo segundo posto



Pedro lanzando a canastra ante un xogador de Tui

“DISPUTAMOS OTRO PARTIDO PARA SEGUIR MANTENIÉNDONOS EN PROGRESIÓN”

PABLO ABUÍN - Estudiantes

CB TUI		ESTUDIANTES	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
54	81		
Souto		Pape	
Siez		Mikel	
Kjaergaard		Anxo	
Lampón		Alvaro	
Diéquez		Dani	
Martínez R		Cabe	
Martínez J		Adrián	
Martínez I		Carlos	
Iglesias		Pedro	
Soto			
Casero			

Estudiantes está á espreita, e demostrou unha clara vitoria ante Tui nunha das pistas máis complicadas da máxima competición júnior.

Estudiantes tirou de fondo de armario, xogando un partido moi completo no que as rotacións mantiveron un nivel moi alto de xogo, independentemente de quen estivese en pista.

A posta en escena xa foi moi boa, con dureza defensiva e atacando con claridade de ideas para facer danou aos seus xogadores máis grandes desde o un para un exterior para pechar o primeiro cuarto con 14-27.

Tui intentou cortar a sangría subindo o listón defensivo cunha zona presionante que, se lle atascou por momentos a un Estudiantes que con todo, non deixou de competir en ningún momento.

O 13-12 do segundo parcial deixaba o marcador en 27-39. Nos primeiros minutos da segunda parte Tui exprimiu as súas opcións de loitar pola vitoria cunha boa posta en escena coa que recortaron distancias, pero Estudiantes mantivo a calma continuou facendo un bo traballo e a resposta foi contundente.

Primeiro remontando o terceiro parcial para

impoñerse 19-20, e lonxe de deixar con vida a Tui, os lucenses sentenciaron o partido ao grande cun último parcial no que a defensa estivo a un moi bo nivel, roubando balóns e anotando en transicións para impoñerse con claridade e contundencia nunha das pistas máis complicadas da competición, 54-81, tras un último parcial de 8-22.

5

DÍAS PARA O DERBI

E principio e ao peche desta edición, se non hai cambios de última hora, o derbi capitalino entre Estudiantes e Ensino será o próximo sábado a partir das 18:00 horas

Si o líder se despista



San Ciprián tras ascender esta tempada á Liga Galega, disputará o campionato Galego cadete por primeira vez

+10

PARA RIBADEO na primeira parte, na que os de Sama foron mellores e chegaron ao descanso con 41-31 no electrónico

+16

PARA SAN CIPRIÁN nunha segunda de Manolo Cobas secou a Ribadeo para remontar o encontro cun parcial de 17-34 nos segundos vinte minutos

Dobre vitoria de San Ciprián

TRIUNFO NO DERBI E CLASIFICACIÓN MATEMÁTICA PARA O GALEGO CADETE tras impoñerse ao Ría de Ribadeo nun derbi cunha parte dominada por cada conxunto

RIBADEO		SAN CIPRIÁN	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Iker	14	Miguel	3
Anxo	5	Manuel	3
Cristian	19	Carlos	3
Dario	8	Marcos	4
Joaquín	3	Dani	5
Dani	3	Diego	5
Manu	10	Mario	12
Simón		Antón	8
		Hugo	33

"A PESAR DE LA DERROTA SEGUIMOS EN LA PELEA POR LA CUARTA PLAZA Y VAMOS A LUCHAR EN CADA PARTIDO POR CONSEGUIR EL OBJETIVO" SAMA - Ría de Ribadeo

Galego cadete e fixoo cunha dobre vitoria. Os de Manolo Cobas, tras reaccionar na segunda parte ao grande, impuxéronse a Ribadeo e selaron a súa clasificación para o Galego cadete a falta de tres xornadas para finalizar a Liga regular. Tres

xornadas nas que Ribadeo buscará a súa clasificación. Empezaron mellor os de Sama, con boa circulación de balón, anotando con fluidez e dominando o rebote para tomar as primeiras vantaxes, 22-10 no primeiro cuarto. No segundo

"TUVIMOS UNA MUY MALA PUESTA EN ESCENA EN EL PARTIDO, PERO TRAS EL DESCANSO FUIMOS EL EQUIPO QUE QUIERO VER" MANOLO COBAS - San Ciprián

San Ciprián empezou a ver aro con máis facilidade, pero ao descanso chegouse con 19-21, sendo a peor noticia para Ribadeo a lesión de Joaquín.

Con 41-31 empezou a segunda parte na que San Ciprián secou a Ribadeo, deixando ao seu rival en tan

só 17 puntos nos segundos vinte minutos, nos que pechou o rebote e complicou a circulación de balón para un equipo que empezou a xogar demasiado individual. Sama intentou frear a sanxaría suscitando cambios defensivos, pero San Ciprián atopou formas para atacar

e con acerto desde o triplo, 13 ao final do encontro, desnivelou o marcador ao seu favor cun parcial de 17-34 na segunda parte.

33

PUNTOS HUGO COBAS
O francotirador cambiou de bando esta vez e con 9 triplos Hugo foi o MVP do derbi mariñao

San Ciprián reinou no derbi mariñao da Liga

Ensinu loce potencial e fondo de armario ao seu paso pola Coruña

GRAN PRIMEIRA PARTE EN ATAQUE, e en defensa na segunda

B. CORUÑA		ENSINU	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Gil		Samuel	3
Díaz		Durán	3
Fernández		Ruano	1
Dominguez		Martínez	1
Lozano		Carreira	12
Villanueva		Garabito	15
Varela		Juan Bao	4
Gonta		Joel	10
Pérez		Seny	8
López		Tchunza	14
Val			

"PARTIDO CLAVE PARA NOSOTROS EN EL QUE TODOS LOS JUGADORES TRABAJARON POR EL BIEN DEL GRUPO" ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensinu



Tchunza encarando o aro rival con decisión

O Ensinu puxo rumbo fixo cara ao Campionato Galego cadete tras impoñerse na Coruña nun partido moi completo dos de Adrián González, no que tiveron un gran acerto e claridade para atacar na primeira parte, mentres que a defensa e o rebote brillaron con luz propia na segunda.

Asentados defensivamente e con claridade de ideas nas transicións, Ensinu tomou o mando do partido cun primeiro parcial de 16-23 no que Tchunza dominou o rebote ofensivo, concedendo segundas opcións aos lucenses. No segundo parcial man-

tívose o mesmo guión, con algún erro na finalización que puido deixar o partido xa sentenciado ao descanso. Pese a iso, a segunda parte empezou con 28-43 e a defensa de Ensinu puxo fin ao amago de Basquet Coruña de querer meterse de novo no partido. Co paso dos minutos Ensinu pechou con autoridade un partido no que todos os xogadores apor-

10

XOGADORES ANOTARON puntos. Todos os que estiveron dispoñibles neste encontro para Adrián González aportaron en ataque con al menos un, pero sobre todo en defensa na segunda metade e no rebote en ambas pinturas

taron en todas as facetas do xogo.

O acerto en ataque eclipsou nesta ocasión as lagoas defensivas

ESTUDIANTES asegurou a súa presenza no Campionato Galego cadete

B. SCHOOL		ESTUDIANTES	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Rouco	69	Andrés	4
Ferreira		Mikel	13
Martínez		Simón	14
Gómez		Alvaro	14
Ojea		Dani	16
Gil		Oscar	
Castro		Lucas	5
Franco		Cristian	8
Valenciano		Rafa	
Lamas		Brais	2
Romero			

"CON EL NIVEL DEFENSIVO QUE TUVIMOS A LO LARGO DE ESTE ENCUENTRO LO VAMOS A PASAR MAL EN TODOS LOS PARTIDOS. HAY QUE TRABAJAR MUCHO EN ESTE ASPECTO"

JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma



Javi Peinó dando instrucións durante un tempo morto

Estudiantes selou matematicamente a súa presenza no Galego cadete tras impoñerse en Ferrol nun partido no que o acerto en ataque eclipsou as lagoas defensivas.

Os de Javi Peinó empezaron o encontro en plan irresistible, cun ataque fluído e con porcentaxes de acerto moi altas para irse ata os 34 puntos nos primeiros dez minutos.

Ferrol reaccionou no segundo cuarto, cun cambio defensivo no que se pecharon moito e secaron a Estudiantes, que non anotou ata mediado o segundo parcial e que encaixou un 10-0 que

metía de cheo no partido aos ferroláns.

A reacción lucense chegou na recta final do cuarto, coa mellor defensa de todo o partido para pechar o parcial con 13-11 e chegar ao descanso con máis 15.

Na segunda parte, pese a xogar con demasiados altibaixos, os picos bos foron moi bos.

sobre todo en ataque, e a diferenza foise ata os 20 puntos.

Lonxe de sentenciar o encontro, Estudiantes volveu facer augas en defensa nos últimos dez minutos, nos que Ferrol chegou a poñerse a tan só catro puntos e amargo coa remontada ante as facilidades que daban os lucenses para anotar.

Estudiantes estará no Galego infantil

A DEFENSA CELESTE guiou aos de Nico Fernández en Narón ata unha vitoria que lles asegura rematar entre os 4 primeiros esta fase

NARÓN		ESTUDIANTES	
52	60		
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Lourido		Brais	12
Núñez		Santi	8
Saa		Mateo	
Fuertes		Pi	6
Iglesias		Dani	1
Couce		Pablo	
Freire		Leo	4
González		Bernal	
García		Rozas	3
		Serguei	22
		Mario	2

Estudiantes certficou en Narón o primeiro obxectivo da tempada coa clasificación matemática do equipo para a segunda fase, na que estará en xogo o título Galego infantil masculino. Unha clasificación que chega a falta de tres xornadas para finalizar a primeira fase e que se selou tras un partido moi completo, especialmente en defensa, dos celestes en Narón.

Desde os primeiros minutos Estudiantes estivo metido en partido e tan só



Dani subindo o balón nun encontro no Anexo

algunhas lagoas en despitte propiciaron que o primeiro parcial finalizase con 14-14 no marcador.

Narón saiu moi intenso

no segundo parcial, pero atopouse coa solvencia defensiva dun Estudiantes que dominou o rebote e puido correr para anotar

“GRAN PARTIDO DE LOS CHICOS, HAN JUGADOR CON MUCHO CARÁCTER A LO LARGO DE TODO EL ENCUENTRO. ENHORABUENA”

NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes

en rápidas transicións para tomar o mando no marcador ao descanso, 27-30.

Narón empezou a segunda parte cunha defensa en zona que se lle complicou por momentos a Estudiantes, pero a defensa celeste brillou con luz propia deixando ao rival en tan só 7 puntos no terceiro cuarto para chegar con máis 6 aos dez últimos minutos.

Narón vendeu cara a derrota e subiu a intensidade en busca da remontada, pero en fronte tivo a un Estudiantes moi sólido que ata ampliou a diferenza cun 18-20 no último parcial.

Maristas sufriu un apagón tralo descanso

MÁIS 10 PARA OS LUCENSES no intermedio, pero parcial de 33-9 no terceiro cuarto en Betanzos

BETANZOS		MARISTAS	
69	55		
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
González A.		Miguel	7
González E.		David	2
Allegue		Gabriel	14
García		Alexis	2
Agraso		Julián	18
Otero		Yishak	8
López		Carlos	4
Gende			
Rial			
González J.			
Lameiro			

“PERDIMOS LA CONCENTRACIÓN Y LA INTENSIDAD EN EL TERCER CUARTO Y ESO NOS COSTÓ EL PARTIDO”

RUBÉN ENGROBA - Maristas

banquiño. Maristas continuou xogando ben, multiplicándose para minimizar as ausencias, os de Rubén Engroba chegaron ao descanso con máis 10 no marcador, 21-31.

Nada máis empezar a segunda parte xa se vía que o partido cambiaba de rumbo por moitos factores. A arbitrase, permisiva cos locais, sobre todo sobre Julián, ao que tamén castigaron ao faltas ata sacalo do partido, e cun Betanzos que da man de Javi deulle a volta ao marcador cun parcial de 33-9.

Sen Julián en pista, expulsado polos árbitros, Betanzos, cunha rotación moito máis ampla, logrou manter a intensidade nos últimos dez minutos nos que Maristas multiplicouse para igualar o último cuarto, 15-15 nun partido excesivamente cruel para os lucenses.

Maristas competiu, e foi mellor que Betanzos, ao longo de 30 dos 40 minutos de xogo. Con todo, a vitoria foi para os locais tras un terceiro cuarto no que os lucenses desaparecieron afectados por certas decisións arbitrais.

De inicio o partido estaba marcado polas ausencias, ao poder contar Engroba con tan só sete xogadores. A premisa era parar ao local Javi, autor de 53 puntos no partido de ida, e Maristas fixoo salvo no terceiro cuarto.

A máxima diferenza lucense chegou con 9-20 ao comezo do segundo cuarto, cando Julián, coa segunda falta, foise ao

Burela, ao sprint final con opcións

3 ÚLTIMAS XORNADAS nas que está en xogo a clasificación para o Galego

ARXIL		BURELA	
49	61		
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Andión		Henar	4
Paz		Sara	27
Cal		Zaida	
Acuña		Enma	16
Couto		Laura	
Fernández		Lucía	4
Veiga		Cecilia	
Herminda		Sabela	8
Durán		Paula	2
Martínez			

“EL EQUIPO CONSIGUIÓ UNA VICTORIA MUY TRABAJADA QUE NOS MANTIENE CON MUCHA VIDA. AHORA A POR EL SIGUIENTE ENCUENTRO”

NACHO MOTA / JUANMA LÓPEZ - Academia A Mariña Burela



Nacho Mota felicitando a Sabela e Laura

O Academia A Mariña Burela impúxose en Pontevedra a Arxil e con iso chega ás tres últimas xornadas da primeira fase coas espadas en todo o alto para lograr a clasificación para o Campionato Galego infantil feminino.

O conxunto que dirixen Nacho Mota e Juanma López impuxo un ritmo moi alto ao longo do encontro, cunha presión a toda pista coa que sempre levaron a iniciativa no xogo e no marcador.

Os catro parciais foron similares, con Arxil baseando o seu xogo na súa xogadora máis física, Naroa, ante a que Burela, pese a ter problemas para defendela, multiplicouse

cun xogo vertical e cunha gran defensa a toda pista. Ademais, as boas porcentaxes no tiro exterior, anotando ata 8 triplas ao longo do encontro, levaron ás mariñas ata un triunfo vital para seguir con serias opcións de clasificarse.

Rosalía, líder invicto da competición, visita Vista Alegre a próxima xornada na que Burela seguro que ten algo importante que dicir. No partido da primeira volta o líder impúxose por tan só 7 puntos, 61-54.

Sen rastro do conxunto celeste

DERROTA AVULTADA EN VILAGARCÍA polo que indica a acta de Fegaba

G. JUNQUERA		ESTUDIANTES	
72	38		
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Tarrio		Martín	
Suárez		Álvarez M.	
Dominguez		Álvarez A.	
Paz P.		Catro	
Paz L.		Álvarez P.	
López		Piñeiro	
Noya		Prado	
Falcón		López	
Álvarez		Blanco	
Mariño		Abello	
Rodríguez		Bernardo	
Lago		González	



Blanco subindo o balón no partido da primeira volta

Estudiantes perdeu por 34 puntos en Vilagarcía de Arousa, nun partido da Liga Galega infantil feminina do que esta redacción non dispón de novo de máis datos dos que se poden obter a través da páxina web da Federación Galega de baloncesto.

Grasas ao apartado de resultados e actas sábese que Estudiantes perdeu todos os parciais, nun resultado canto menos rechamante pero do que non temos máis datos. 24-7 no primeiro, 16-8 no segundo para chegar ao descanso cun claro e contundente 40-15 no electrónico.

Tralo intermedio produciuse o parcial máis igualado, 18-16, e nos últimos dez minutos un 14-7 completaba o sorprendente 72-38 final.

Próxima xornada
Estudiantes recibe ao segundo clasificado, Costa Ártabra nun partido no que o ganador terá medio pé no Campionato Galego infantil feminino.

4

PRIMEIROS POSTOS
Con Rosalía xa clasificado para a segunda fase, mantendo o pleno de vitorias ata agora as tres seguintes prazas están no aire e a elas, a falta de tres xornadas, aínda optan cinco equipos: Costa Ártabra, Estudiantes, La Junquera, Burela e Peleteiro

Celtas puxo rumbo fixo cara o Galego preinfantil

GRAN VITORIA ANTE BASQUET CORUÑA, segundo clasificado, que deixa aos de Armando con pé e medio na segunda fase a falta de catro xornadas por disputar

CB CELTAS		B. CORUÑA	
64		61	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Nacho		González	
Álvaro	22	Lorenzo	
Alonso		Soto	
Chris		Fernández	
Nico	6	Sánchez	
Dario	7	Fraga	
Lucas	17	Vázquez	
Mario		López	
Esteban	2	Gracia	
Javi	10	Villar	
		Neira	
		González	

"CREÍMOS HASTA EL FINAL PARA PODER LLEVARNOS LA VICTORIA" ARMANDO - CB Celtas

4

PRIMEIROS clasificanse para a seguinte fase, na que se medirán cos catro primeiros do grupo Sur co título Galego preinfantil en xogo. Celtas, a falta de 4 xornadas, ten 3 vitorias máis que Estudiantes, conxunto que marca o corte

Vitoria de moito mérito a de Celtas Gasoleos Eugenia na Liga Galega preinfantil. Un triunfo que deixa aos de Armando practicamente clasificados para a segunda fase, na que estará o título Galego da categoría en xogo. Os mariños impuxéronse a Basquet Coruña –segundo clasificado que se presentou en Foz cunha soa derrota– tras un encontro disputado de poder a poder no

que os mariños foron de menos a máis.

Basquet Coruña empezou mellor, explotando o seu maior físico para tomar o mando no marcador tralo primeiro parcial, 10-15. Con todo as sensacións eran mellores do que indicaba o marcador, xa que Celtas estaba defendendo con moita intensidade e da man de Álvaro e Lucas mantiña

un goteo constante de puntos.

As forzas igualáronse no segundo parcial tanto na pista como no marcador, 17-17 para chegar ao descanso con 27-32, e con todo por decidir de cara á segunda parte.

O terceiro cuarto volveu ser moi igualado, 16-16 chegándose aos dez últimos minutos nos que Celtas sorprendeu ao seu rival cun gran inicio de cuarto, dándolle a volta ao marcador e mantendo a vantaxe na recta final ante a insistencia dun Basquet Coruña que mordeu o po ante a intensidade defensiva que mostrou o conxunto mariño para alzarse cunha gran vitoria cun 21-13 de parcial no último e decisivo cuarto dun gran encontro.



Os xogadores mariños Christian e Dario no Anexo

A defensa celeste non fixo acto de presenza en Ferrol

ESTUDIANTES

encaixou moitos puntos en cada un dos parciais

B. FERROL		ESTUDIANTES	
84		52	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rodríguez		Eloy	2
Pardal		Bosco	1
Maceiras		Pablo	2
Dominquez		Diego	3
Bra		Martin	10
Bescansa		Lucas	1
Becerra		Manuel G.	2
Acebal		Iverson	
Alonso		Manuel V.	2
Anido		Samuel	14
		Uxio	20

"ES TODO CUESTIÓN DE ACTITUD"

PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

O tópico de que se ataca mal si se defende mal cumpriuse para Estudiantes en Ferrol, sufrindo unha derrota na pista do líder que os celestes, de estar a un bo nivel de intensidade poderían ter minimizado.

Desde os primeiros minutos os lucenses tiveron moitas dúbidas, non estiveron cómodos en pista e mostráronse lonxe de atopar a súa mellor versión ante un rival cun goteo constante de puntos que se impuxo no primeiro parcial, 21-14.

O segundo cuarto continuou co mesmo guión, chegándose ao descanso con 41-24 no marcador.

Ao comezo da segunda parte, coa fortuita lesión do base ferrolán, as forzas igualáronse un pouco máis, pero varias canastras fáciles que non entraron para Estudiantes evitaron que a diferenza se recortase.

Ao final, derrota celeste na pista do líder, nun partido que finalizou coa sensación de que si Estudiantes estivese máis intenso, tería moitas máis opcións no marcador final.

Burela ascende ata o segundo posto co liderado a tiro de partido

TRAS GAÑAR O ÚNICO ENCONTRO DISPUTADO ESTA XORNADA na categoría. As de Carlos Madar loitarán polo primeiro posto da clasificación nas dúas próximas xornadas



A burelá Henar Cobas nun encontro xogado en Lugo

CB BURELA		ESCLAVAS	
73		23	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Candela	24	Barreiro	
Henar	22	Alcorta	
Laura	13	García	
Marta	6	Otero	
Irea	2	Torreiro	
Aroa	2	Martínez	
Sara	2	Fernández	
Paula	2	Peris	
Elena			
Nerea			
Paula			

"ESTAMOS TOD@S MUY CONTENTOS CON LA EVOLUCIÓN QUE ESTÁ TENIENDO ESTE EQUIPO A LO LARGO DE LA TEMPORADA"

CARLOS MADAR - CB Burela

Basquet Coruña, terceiro clasificado, e na seguinte recibe ao líder, Estudiantes, en Vista Alegre.

Burela depende de si mesmo para alzarse co primeiro posto nunha competición na que practicamente ten asegurada a súa presenza na segunda fase, na que estará en xogo o título galego.

Ante Esclavas cumpríronse os obxectivos marcados, por unha banda conseguir a vitoria, que foi clara e contundente, e por outro que todas as xogadoras tivesen moitos minutos de calidade ao longo do encontro. Pese a notar certa mello-

2

PRÓXIMOS PARTIDOS

O conxunto de Carlos Madar viaxará a Riazor a próxima semana para medirse co terceiro clasificado, Basquet Coruña, antes de recibir en Vista Alegre ao líder, Estudiantes, no derbi Provincial

2

PARTIDOS APRAZADOS

Esta xornada tan só se disputou o encontro entre Burela e Esclavas, ao ser aprazados o duelo entre Costa Artabra e Baxi Ferrol ademais do Estudiantes - Basquet Coruña

ría do rival respecto ao encontro da primeira volta, Burela dominou desde os primeiros minutos con parciais de 19-4 e 18-8 na primeira parte e de 12-7 e 24-4 na segunda.



O xogador sarriao, Uxio

5ª EDICIÓN CAMPUS ALEX LLORCA



6 AO 12 XULLO 2020



MATEO RUBIO
DIRECTOR TÉCNICO

3 POSIBILIDADES DE INSCRIPCIÓN
RÉXIME EXTERNO, SEMIEXTERNO E INTERNO

WWW.CAMPUSALEXLLORCA.COM
+INFO: CAMPUSALEXLLORCA@GMAIL.COM

LUGARES
PAZO DOS DEPORTES DE LUGO
CE SANTA MARÍA
PISCINAS MUNICIPAIS



@CampusLlorca



@campusllorca



Campus Alex Llorca

PATROCINA:

COLABORAN:



www.goldenbasketcamp.com
@goldenbasketcamp
@Golden_basket_camp

MGR e Estu Verde mandan en Premini

NA COMPETICIÓN DOS MÁIS PEQUENOS, o conxunto sarriao lidera a táboa no grupo feminino, mentres que os celestes fano no masculino

Esta fin de semana a competición de Minibasket, tanto masculina como feminina, viviu unha xornada de descanso, polo que os máis novos tomaron todo o protagonismo.

En Preminibasket feminino MGR Sarria continúa intratable tras nove xornadas, e nesta, a última da primeira volta, logrou a sétima vitoria

noutros tantos partidos ante Galén Ensino.

No grupo masculino, a falta de catro xornadas para que remate a competición, Estudiantes Verde é líder con oito vitorias en nove partidos, os mesmos que Estudiantes Laranxa. Ambos equipos enfrontarase a próxima fin de semana nun duelo directo polo liderado.



PREMINIBASKET MASC. Cosmos CB Sarria



MINIBASKET MASC. ANPA Rosalía de Castro



MINIBASKET FEM. Cidade de Lugo - Fingoi

MINIBASKET 2º FEMININO

RESULTADOS

Franciscanos - M. Burela **78-28**
C. Sarria - Cidade Fingoi **7-57**
M. Sarria - M. Auxiliadora **61-40**
Galén E. 08 - Galén E. 09 **Apt.**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
M. AUXILIADORA	8	7	1	0	472	270
FRANCISCANOS	8	6	2	0	458	224
CIDADE-FINGOI	8	6	2	0	407	225
MADEIRA SARRIA	8	5	3	0	409	289
BURELA ALV FEM.	8	4	4	0	330	352
GALEN ENSINO 09	7	2	5	0	199	383
COSMOS SARRIA	8	1	7	0	194	432
GALEN ENSINO 08	7	0	7	0	123	417

PRÓXIMA XORNADA

Manpoza Sarria - Galén Ensino 08
Galén Ensino 09 - Madeira Sarria
Maria Auxiliadora - Cosmos Sarria
Cidade Fingoi - Franciscanos

MINIBASKET 2º MASC. G-NORTE

RESULTADOS

Cidade Lugo - Galén E. 08 **48-49**
CB Viveiro - Burela **24-74**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BURELA ALV MASC.	6	6	0	0	446	258
CIDADE DE LUGO	7	4	3	0	443	416
GALEN ENSINO 08	7	4	3	0	485	452
CB VIVEIRO	6	2	4	0	365	391
GALEN ENSINO	6	0	6	0	277	479

PRÓXIMA XORNADA

Cidade Lugo - CB Viveiro
Esperanza Burela - Galén Ensino

MINIBASKET 2º MASC. G-SUR

RESULTADOS

Maristas 09 - Cidade Fingoi **0-50**
Cristo Sarria - Est. Azul **72-20**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CRISTO CB SARRIA	7	7	0	0	408	99
EST. VERMELLO	6	4	2	0	318	221
EST AZUL	6	2	4	0	221	309
MARISTAS LUGO 09	6	2	4	0	207	309
CIDADE-FINGOI	7	1	6	0	119	335

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes Azul - Maristas 09
Cidade Fingoi - Estudantes Vermello

PREMINIBASKET FEMININO

RESULTADOS

MGR Sarria - Galén Ensino **64-14**
M. Auxiliadora - Cidade **32-52**
Est. Violeta - Franciscanos **---**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MGR CB SARRIA	7	7	0	0	417	83
CIDADE DE LUGO	7	6	1	0	373	202
BURELA BENI. FEM.	7	4	3	0	249	292
EST. VIOLETA	6	4	2	0	236	205
FRANCISCANOS	6	3	3	0	205	241
M. AUXILIADORA	7	2	5	0	239	328
CB VIVEIRO	7	1	6	0	167	320
GALEN ENSINO	7	0	7	0	140	355

PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - Galén Ensino
Afan Burela - Franciscanos
Est. Violeta - Cidade Lugo
Maria Aux. - MGR Sarria

PREMINIBASKET MASCULINO

RESULTADOS

Galén Ensino - Est. Verde **0-51**
Est. Laranxa - M. Burela **70-20**
Ensino - Eu Son Burela **---**
Cidade Lugo - Galén E. 10 **---**
Franciscanos - C. Sarria **---**
Orbio Sarria - CB Viveiro **---**
Maristas Lugo - Rosalía **41-28**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
EST VERDE	9	8	1	0	503	104
EST. LARANXA	9	8	1	0	491	240
EU SON BURELA	8	8	0	0	472	132
MARISTAS LUGO	9	7	2	0	441	320
FRANCISCANOS	8	5	3	0	349	229
GALEN ENSINO 10	8	4	4	0	299	295
CB VIVEIRO	8	4	4	0	253	271
ENSINO LUGO	8	4	4	0	269	351
MARINA BURELA	9	2	7	0	229	424
ORIBIO C.B. SARRIA	8	3	5	0	250	338
COSMOS SARRIA	8	3	5	0	237	331
CIDADE DE LUGO	8	2	6	0	211	283
ANPA ROSALIA	9	1	8	0	119	399
GALEN ENSINO	9	0	9	0	93	499

PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - Galén Ensino
Eu Son Burela - Cidade
Orbio Sarria - Maristas
M. Burela - Ensino L
C. Sarria - CB Viveiro
Est. Verde - Est. Laranxa
Galén E 10 - Francisc.

CLASIFICACIÓNS LIGAS AUTONÓMICAS

JUNIOR 1º DIV. FEMININO

RESULTADOS

Estudiantes - B. Coruña **Apt.**
Rosalía - Durán Ensino **77-75**
Carmelitas - C. Artabra **53-51**
Celta - Cortegada **82-39**
C. Mariano - Bosco **51-46**
Peleteiro - C. Maria **55-38**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	14	13	1	0	868	654
CELTA RECALVI	13	12	1	0	996	568
ROSALIA	14	10	4	0	944	760
DURAN ENSINO	14	10	3	0	829	618
COLEXIO MARIANO	13	10	3	0	744	657
BOSCO	14	6	8	0	705	752
ESTUDIANTES	12	7	5	0	810	596
COMPANIA MARIA	14	5	9	0	615	723
CARMEKITAS	14	3	11	0	534	822
BASQUET CORUÑA	13	3	10	0	683	823
COSTA ARTABRA	14	1	13	0	583	1053
CORTEGADA	14	1	13	0	607	892

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Peleteiro
C. Maria - C. Mariano
Bosco - Celta
C. Artabra - Rosalía
Durán Ensino - Estudiantes
Cortegada - Carmelitas

JUNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS

Blanco Amor - Culleredo **70-69**
Durán Ensino - Sigaltec **64-50**
CB Tui - Estudiantes **54-81**
Bosco - Rosalía **34-78**
C. Ourense - CB Allariz **71-83**
Obradoiro - B. Ferrol **80-36**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDROIRO	14	14	0	0	1206	728
ROSALIA CASTRO	14	12	2	0	1051	830
ESTUDIANTES	14	12	2	0	1075	907
DURAN ENSINO	14	10	4	0	1061	909
CB.TUI MASCATO	14	7	7	0	1042	1068
SIGALTEC	13	6	7	0	882	913
CB ALLARIZ	14	5	9	0	957	1039
BLANCO AMOR	14	4	10	0	867	987
KFC CULLEREDO	14	4	10	0	788	965
BASKET FERROL	13	4	9	0	789	960
BOSCO	14	3	11	0	773	991
CLUB OURENSE	14	2	12	0	829	1023

PRÓXIMA XORNADA

Culleredo - Obradoiro
B. Ferrol - C. Ourense
CB Allariz - Bosco
Rosalía - CB Tui
Estudiantes - Durán Ensino
Blanco Amor - Sigaltec

CADETE 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

Maristas C. - Culleredo **59-75**
C. Ensino - Estudiantes **Apt.**
Peleteiro - Rosalía **51-47**
C. Artabra - Giraldo **65-56**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	11	10	1	0	712	528
ESTUDIANTES	10	8	2	0	698	576
MARISTAS C.	11	6	5	0	704	709
CANDELAS ENSINO	10	6	4	0	643	604
INSTITUTO ROSALIA	11	4	7	0	668	695
KFC CULLEREDO	11	4	7	0	637	707
COSTA ARTABRA	11	4	7	0	703	763
GIRALDO CBV	11	1	10	0	542	725

PRÓXIMA XORNADA

C. Artabra - Maristas Coruña
Giraldo - Peleteiro
Estudiantes - Culleredo
Candelas Ensino - Rosalía

CADETE 1º MASCULINO NORTE

RESULTADOS

B. Coruña - Ensino Lugo **44-71**
Ría Ribadeo - San Ciprián **59-65**
B. Ferrol - Estudiantes **69-76**
Culleredo - C. Artabra **77-65**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	11	10	1	0	853	672
SAN CIPRIAN	11	9	2	0	790	689
ENSINO LUGO	11	8	3	0	834	670
BASKET FERROL	11	5	6	0	737	776
CB RÍA RIBADEO	11	5	6	0	766	793
BASQUET CORUÑA	11	4	7	0	745	826
KFC CULLEREDO	11	2	9	0	704	825
COSTA ARTABRA	11	1	10	0	566	744

PRÓXIMA XORNADA

C. Artabra - B. Coruña
María Burela - B. Ferrol
Estudiantes - Ría Ribadeo
San Ciprián - Ensino Lugo

INFANTIL 1º FEMININO NORTE

RESULTADOS

Peleteiro - C. Artabra **58-57**
Junquera - Estudiantes **72-38**
Rosalía - Inmoponte **64-14**
CB Arxil - Mariña Burela **49-61**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
INSTITUTO ROSALIA	10	10	0	0	675	423
COSTA ARTABRA	11	7	4	0	672	577
MARINA BURELA	11	6	5	0	622	511
ESTUDIANTES	10	6	4	0	592	568
GRUPO JUNQUERA	10	5	5	0	578	491
PELETEIRO	10	5	5	0	591	549
CB. ARXIL	11	3	8	0	532	648
CAB INMOPONTE	11	0	11	0	224	719

PRÓXIMA XORNADA

CB Arxil - Peleteiro
Mariña Burela - Rosalía
Inmoponte - Junquera
Estudiantes - C. Artabra

PRE-INFANTIL FEM. NORTE

RESULTADOS

C. Artabra - Baxi Ferrol **Apt.**
Burela - Esclavas **73-23**
Estudiantes - B. Coruña **Apt.**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	8	7	1	0	445	261
A MARIÑA BURELA	8	6	2	0	526	391
BASQUET CORUÑA	8	5	3	0	422	229
COSTA ARTABRA	7	6	1	0	430	268
BAXI FERROL	8	3	5	0	410	354
ESCLAVAS	9	1	8	0	108	505
BV LOS ROSALES	8	0	8	0	132	465

PRÓXIMA XORNADA



Emma, Franciscanos, leva a pelota ante Noelia e Amparo



Raquel, Cidade de Lugo, defendida por Anne



Maria nun contraataque seguida por Gemma

Saneamientos, Cidade e Ensino comezan con bo pé

A SEGUNDA VOLTA DA COMPETIÇÃO, na que estarán en xogo dúas prazas para a fase de ascenso. As sarriás, segundas, sacan tres vitorias ao terceiro

Pese a que aínda quedan dez partidos por diante, as de Maísa López parten con vantaxe neste segundo tramo da competición. Os dous primeiros clasificados, ao remate desta liga regular, terán unha praza asegurada na fase de ascenso, e Saneamientos Sarria, segundo, aventaxa en tres triunfos ao terceiro, Ensino 06.

As amarelas comezaron esta fin de semana a segunda volta cun claro triunfo ante Ensino Galén -61-11- nun encontro entre dous equipos cun potencial moi distinto que quedou visto para a sintonía xa antes do descanso.

Ensino 06 tamén gañou na súa visita a Ferrol para enfrontarse a BBCA

e xa son sete as vitorias para as capitalinas. No derbi entre Franciscanos e Cidade de Lugo, triunfo para estas últimas por 51-69, a terceira consecutiva.

Carferlo Viveiro caeu derrotado ante o líder, Pontumio, por 20-70, e a próxima fin de semana buscará romper a xeira de derrotas ante Cidade de Lugo no Anexo.



Sanna facendo unha entrada a canastra ante Claudia

10

TRIUNFOS en 11 partidos para Saneamientos CB Sarria, segundo clasificado

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01

RESULTADOS

Stos. Sarria - Ensino Galén	61-11
CB Viveiro - Pontumio	20-70
Franciscanos - Cidade Lugo	51-69
BBCA - Ensino Lugo 06	30-53
Baxi Ferrol R - Baxi Ferrol S	Mañá

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PONTUMIO	11	11	0	0	667	176
STOS. SARRIA	11	10	1	0	738	343
ENSINO LUGO 06	11	7	4	0	660	493
BAXI FERROL S	10	7	3	0	505	422
CIDADE DE LUGO	11	6	5	0	559	583
AGRASAR SARRIA	10	6	4	0	424	431
CB VIVEIRO	11	5	6	0	483	636
FRANCISCANOS	11	3	8	0	435	656
KFC BBCA	11	3	8	0	460	628
BAXI FERROL R	10	1	9	0	445	660
ENSINO GALÉN	11	0	11	0	305	653

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Baxi Ferrol R
Baxi Ferrol S - BBCA
Ensino Lugo 06 - Franciscanos
Cidade Lugo - CB Viveiro
Agrasar Sarria - Stos. Sarria



Xabelo, MGR Sarria, coa pelota ante Marcos, de Cidade



Slatel levando unha xogada á contra seguido de Miguel



Jackiel defendendo un ataque do sarriao Christian

Vitoria, average e primeiro posto para CB Ribadeo

OS MARIÑEOS SON OS NOVOS LÍDERES da Liga tras impoñerse a Franciscanos por 30-51 e quitarlle a praza aos colexiais

Os de Jose Vázquez saíron á cancha do Anexo o domingo co obxectivo marcado da vitoria e de recuperar o average para poner terra polo medio na clasificación.

Así, os mariñeos saíron con moitas ganas e cun Jorge moi enchufado que logrou 10 puntos seguidos nun primer cuarto que rematou 7-18. No segundo mantívose a dinámica e Ribadeo logrou ampliar

máis a vantaxe antes do descanso, 15-31. Tralo paso polos vestiarios as forzas igualáronse e o conxunto mariño logrou arrefriar o encontro e manter a renda ata o final para levarse tamén o average e tomar o primeiro posto na táboa clasificatoria.

Con 11 vitorias en 12 encontros e a falta de cinco xornadas para o remate da competición, Ribadeo aínda ten por

diante o encontro aprazado fronte a Sagrado Corazón que se disputará o vindeiro día 25 e no que volverá estar en xogo o liderado.

Sagrado é segundo con dez triunfos, e nesta xornada os de Óscar Engroba impuxéronse a Ensino Galén por 64-14, nun encontro no que a diferenza física foi clave. No igualado enfrontamento entre Cidade e IF Podologia CB Sarria os capitalinos sumaron o seu oitavo triunfo tras impoñerse 55-48.

O encontro entre MGR CB Sarria e Carferlo Viveiro rematou co terceiro triunfo dos mariñeos, 26-58. Mentres que o duelo que tiña que medir o pasado sábado a Estudiantes e CB Burela no Anexo tivo que ser suspenso pola condensación na cancha.

1

ENCUNTRO SUSPENDIDO
O duelo entre Estudiantes e CB Burela programado para esta fin de semana non se puido xogar e aínda non ten nova data

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

RESULTADOS

Sagrado - Ensino Galén	64-14
Estudiantes - M. Burela	---
Cidade Lugo - IF Sarria	55-48
Franciscanos - Ria Ribadeo	30-51
MGR Sarria - CB Viveiro	---

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RÍA DE RIBADEO	12	11	1	0	722	317
A. X. SAGRADO	12	10	2	0	810	386
FRANCISCANOS	13	9	4	0	770	562
IF CB SARRIA	13	9	4	0	798	585
CIDADE DE LUGO	12	8	4	0	642	496
MARINA BURELA	12	7	5	0	765	604
CB VIVEIRO	12	3	9	0	373	664
ESTUDIANTES	12	2	10	0	376	754
ENSINO GALÉN	12	2	10	0	343	738
MGR CB SARRIA	12	0	12	0	230	723

PRÓXIMA XORNADA

MGR Sarria - Sagrado
CB Viveiro - Franciscanos
Ria Ribadeo - Cidade Lugo
IF Sarria - Estudiantes
Mariña Burela - Ensino Galén



Xogadores do Sagrado xunto a Benedicta Sánchez

Ninguén baixa o ritmo na cabeza da táboa

OS CATRO PRIMEIROS lograron un novo triunfo na competición. Ensino Lugo, que esta fin de semana se impuxo a Franciscanos, aventaxa en dúas vitorias a segundo e terceiro

CADETE 2ª DIV. FEMININO

RESULTADOS

Ensino Galén - Baxi Ferrol	33-72
Ensino Lugo - Franciscanos	68-25
Tirso Molina - CB Viveiro	32-50
Pontumio - Mariña Burela	61-36
Estudiantes - Lourenzà	50-32

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
ENSINO LUGO	12	12	0	0	853	489
PONTUMIO	12	10	2	0	687	516
BAXI FERROL	11	10	1	0	789	474
ESTUDIANTES	12	7	5	0	696	558
MARIÑA BURELA	12	5	7	0	544	621
CB VIVEIRO	12	5	7	0	566	642
KFC BBKA	11	5	6	0	488	538
TIRSO DE MOLINA	12	4	8	0	537	654
LOURENZÀ	12	4	8	0	485	649
FRANCISCANOS	12	3	9	0	507	686
ENSINO GALEN	12	0	12	0	422	747

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Ensino Galén
 Lourenzà - Pontumio
 Burela - Tirso Molina
 CB Viveiro - Ensino Lugo
 BBKA - Baxi Ferrol

A estas alturas da competición parece complicado discutirille a primeira praza

a Ensino. A falta de nove xornadas para que remate a competición as de Algor Romo sacan dúas vitorias a Pontumio e Baxi Ferrol, aínda que por diante teñen os enfrontamentos directos ante ambos equipos, aos que xa gañaron nos encontros de ida.

No derbi capitalino desta xornada as ensinistas impuxéronse a Franciscanos por 68-25. Tras un primeiro cuarto igualado no que as diferenzas foron mínimas, no segundo despegaron no marcador deixando o encontro practicamente sentenciado ao descanso, 38-17.

Nos outros partidos de equipos provinciais da fin de semana, Carferlo Viveiro logrou a súa quinta vitoria na competición tras impoñerse a domicilio a Tirso de



A celeste Naiara coa pelota ante a defensa de Adriana

Molina, 32-50. O duelo no Anexo entre Estudiantes e Lourenzà saldouse co sétimo triunfo das celestes por 50-32.

CB Burela caeu ante o segundo clasificado, Pontumio, 61-36, mentres que Baxi Ferrol superou a Ensino Galén por 33-72.

7

TRIUNFOS DE ESTUDIANTES

O conxunto celeste e o segundo mellor da Provincia. Tras 12 xornadas disputadas as capitalinas ocupan a cuarta posición na táboa clasificatoria



Carmen, Lourenzà, trata de entrar na pintura ante Candela



Sara levando unha acción de contraataque ante Carol



Rebeca trata de superar a presión da celeste Laura

Semana decisiva para lograr o billete á seguinte fase

CON ENSINO 04, LÍDER, XA CLASIFICADO, Sagrado Corazón, Oral Design e Estudiantes 04 optan aos dous pases restantes



Antón, Sagrado, coa pelota defendido por Diego Pérez

Os tres equipos gañaron os seus respectivos encontros desta fin de semana e por diante teñen dúas xornadas de infarto para acadar un dos dous boletos á segunda fase.

Sagrado e Oral Design son segundo e terceiro con oito e sete vitorias respectivamente -polas 6 de Estudiantes 04-, e a próxima fin de semana enfrontanse no Anexo. Na ida os sarriaos impuxéronse no Chanto 79-53.

e agora unha vitoria dos capitalinos asegurarialles unha praza na seguinte liguina. O triunfo dos amarelos comprometería aos de Engroba, que na derradeira xornada enfrontaríanse a Estudiantes, tamén con opcións á espera do que fagan os seus rivais.

O penúltimo duelo dos celestes será contra Celtas Foz, mentres que o último

CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS

Estudiantes 04 - Ensino 05	63-38
Design Sarria - Celtas Foz	76-39
Estudiantes 05 - Sagrado	73-95

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	FC
ENSINO LUGO 04	10	9	1	0	731	609
A. X. SAGRADO	10	8	2	0	683	608
DESIGN SARRIA	10	7	3	0	799	523
ESTUDIANTES 04	10	6	4	0	603	586
ENSINO LUGO 05	11	3	8	0	649	738

CB CELTAS FOZ	11	1	10	0	547	803
---------------	----	---	----	---	-----	-----

ESTUDIANTES 05	10	2	8	0	628	773
----------------	----	---	---	---	-----	-----

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes 05 - Ensino 04
 Sagrado - Design Sarria
 Celtas Foz - Estudiantes 04

2

XORNADAS POR DIANTE

A primeira fase da competición cadete masculina finaliza o vindeiro 14 de Febreiro. Os tres primeiros clasificados pasarán a xogar unha liguina con sistema olímpico cos tres mellores equipos do grupo de Ferrol

que se decidiu no terceiro cuarto, cunha gran anotación por parte dos segundos clasificados.

Oral Design levou o triunfo ante Celtas de Foz por 76-39. Un partido que os sarriaos, pese a volver contar con numerosas baixas, lograron romper tralo descanso.

Estudiantes 04 enfrontábase a Ensino 05 e, coma no encontro de ida, levouse a vitoria por 63-38.

encontro desta primeira fase para os sarriaos será contra Estudiantes 05.

No partido desta fin de semana entre Sagrado Corazón e Estudiantes 05 os de Engroba impuxéronse 73-95, nun encontro



Victor, Estudiantes 05, baixo o aro ante Julián



Dani Bao nunha xogada de ataque celeste ante Javi



Leo nunha acción de contraataque seguido por Antón

Os equipos lucenses estréanse con triunfo na seguinte rolda

CB RIBADEO E ENSINO DEBUTARON esta fin de semana na segunda fase con senllos triunfos. O das mariñas, máis traballado ante Pontumio; as de Aigor Romo gañaron comodamente a Betanzos

JÚNIOR 2ª DIV. FEM. 2ª FASE AA

RESULTADOS

Pontumio - Ría de Ribadeo **52-57**
 Artai - Baxi Ferrol **35-60**
 Ensino Lugo - Betanzos **54-32**

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BAXI FERROL	2	2	0	0	117	69
ARTAI EBX	2	1	1	0	94	112
ENSINO LUGO	1	1	0	0	54	32
CB RÍA DE RIBADEO	1	1	0	0	57	52
PONTUMIO	2	0	2	0	86	114
BETANZOS	2	0	2	0	84	113

PRÓXIMA XORNADA

Ría de Ribadeo - Betanzos
 Baxi Ferrol - Ensino Lugo
 Pontumio - Artai EBX

JÚNIOR 2ª DIV. FEM. 2ª FASE AB

RESULTADOS

Culleredo - CB Sarria **49-41**
 Estudiantes - CB Arteixo **69-35**
 Trebóns - CB Terra Chá **46-40**

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
KFC CULLEREDO	2	2	0	0	108	97
ESTUDIANTES	2	2	0	0	58	46
C.B. SARRIA	2	1	1	0	100	86
TREBÓN S	2	1	1	0	83	99
CB TERRA CHA	2	0	2	0	86	104
CB ARTEIXO	2	0	2	0	56	59

PRÓXIMA XORNADA

CB Sarria - CB Terra Chá
 CB Arteixo - Trebóns
 Culleredo - Estudiantes

descanso tan só tres puntos por debaixo no marcador. A reacción tralo intermedio, cun parcial de 2-14, foi clave. A partir de aí as mariñas dosificaron a vantaxe nun intercambio continuo de canastras no que Ribadeo saíu favorecido grazas ao dominio de Aldara, anotando 4 puntos nun momento clave e asistindo ás súas compañeiras no derradeiro cuarto para pechar a vitoria cun 52-57.

Romo, cun parcial de 16-4, foi clave na vitoria, deixando ás visitantes sen capacidade de reacción. O resto de equipos da Provincia -CB Sarria, Estudiantes e Terra Chá-, competirán nunha liña ante tres equipos da provincia de Coruña.

O conxunto dirixido por Jose Vázquez levouse o triunfo ante Pontumio, campión do seu grupo na primeira fase, nunha cancha moi complicada. De inicio o

conxunto coruñés exerceu unha presión sobre Aldara que pouco a pouco Ribadeo puido arreglar co dominio de Fátima e Irene baixo o taboleiro para chegar ao

Ensino, pola súa banda, tamén sumou o primeiro triunfo ao impoñerse no Anexo a Santo Domingo Betanzos, 54-32. O gran primeiro cuarto das de Aigor

1
DERBI APRAZADO
 CB Ribadeo e Ensino debían enfrontarse na xornada inaugural, a pasada fin de semana, pero o encontro foi aprazado e xogarase o vindeiro venres día 7 ás 20:30h



Nerea trata de superar a unha xogadora de Betanzos



Kris zafándose dunha rival ante a mirada de Nerea



A xogadora ensinista Carmen en labores defensivos



O sarriao Noel coa pelota defendido por Juan



Chao botando ante a chegada de Adrián, de Hierros



Tomás, CB Sarria, trata de superar a presión de Álex

Xa se coñecen os catro clasificados para os playoff

CARFERLO VIVEIRO, CB RIBADEO, HIERROS E ENSINO xogarán por unha praza na fase de ascenso en duelos directos a ida e volta



Esteban correndo un contraataque con Adrián

JÚNIOR 2ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

CB Viveiro - Ensino Lugo **50-57**
 H. Ferreiro - MGR Sarria **91-37**

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB VIVEIRO	7	5	2	0	479	375
HIERROS FERREIRO	7	5	2	0	537	387
CB RÍA DE RIBADEO	7	4	3	0	493	356
ENSINO LUGO	8	3	5	0	435	542
MGR C.B. SARRIA	7	1	6	0	307	591

PRÓXIMA XORNADA

Ría Ribadeo - Hierros Ferreiro
 MGR Sarria - CB Viveiro

2ª
FASE
 Carferlo Viveiro, Hierros, CB Ribadeo e Ensino enfrontaranse nun playoff a ida e volta, primeiro contra cuarto e segundo contra terceiro. Os gañadores dos duelos veranse as caras nunha final da que sairá o equipo que loite polo ascenso á Liga Galega

A falta dunha xornada para que remate a primeira fase da competición júnior masculina, xa se coñecen os catro equipos que loitarán no playoff por unha praza para a fase de ascenso á Liga Galega. Carferlo Viveiro, Hierros Ferreiro, CB Ribadeo e Ensino Lugo.

A próxima fin de semana, coa disputa dos dous últimos partidos,

decidiranse os postos na clasificación e os enfrontamentos directos, xa que o primeiro xogará contra o cuarto e o segundo contra o terceiro. Os gañadores dos dous duelos mediranse nunha final da que sairá o representante da Provincia na fase de ascenso.

Carferlo Viveiro é primeiro pese a caer esta fin de semana ante Ensino, e ten todo de cara para che-

gar así á final a catro. Os mariñaos enfrontaranse a próxima fin de semana a MGR Sarria, que tan só gañou un encontro nesta fase. E de gañar volveranse ver as caras cos ensinistas -un equipo moi reforzado de cara a este tramo da competición- no duelo a ida e volta.

CB Ribadeo e Hierros Ferreiro xogaranse na casa dos mariñaos o segundo e terceiro posto, e en calquera caso enfrontaranse

nos playoff.

Os de Óscar Engroba superaron esta fin de semana a MGR Sarria por 91-37 logo dun gran primeiro periodo no que un parcial de 21-2 marcou o devir do partido. Tras gañar os sarriaos o segundo cuarto pola relaxación local, na segunda metade Hierros recuperou sensacións, anotando moitas canastras ao contraataque, o que disparou a vantaxe.

CB BREOGÁN

A ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO E O CLUB CELESTE

colaboraron coa Axencia de Doazón de Órganos e Sangue con distintas iniciativas na previa e durante o encontro ante o Palencia desta xornada na LEB Ouro



A área de Deportes da Deputación de Lugo e o Club Baloncesto Breogán uníronse nesta ocasión á Axencia de Doazón de Órganos e Sangue con iniciativas ao longo da semana e o día de partido no Pazo para animar a todas as persoas, principalmente a doar sangue.

O deputado de Deportes Efrén Castro e o cadro de xogadores e técnicos do CB Breogán achegáronse á unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue instalada no fondo da Praza Maior de Lugo para seguir animando á veciñanza a doar sangue. As persoas que se achegaron a doar durante o xoves e o venres recibiron como agasallo dúas entradas para presenciar o encontro entre o Breogán e o Palencia que se disputou o pasado sábado no Pazo dos Deportes.

A boa acollida da iniciativa, que se desenvolve no marco do convenio de patrocinio asinado entre a área de Deportes e o CB Breogán, mostrouse no número de entradas repartidas, superando o centear.

Marisa López, Directora de ADOS, sinalou o "bo resultado que esta colaboración a tres bandas deu en pasadas campañas e animou á cidadanía a sumarse a unha corrente solidaria que, en 2019, deixou cifras históricas de transplantes e doazón de órganos a nivel galego, con 136 presas que doaron os seus órganos e posibilitaron 354 intervencións de transplante".

O deputado de Deportes, Efrén Castro, subliñou a necesidade destas doazóns que "aínda que nos resultan máis distantes que as de sangue, que parecen máis consolidadas, só requiren dun minuto para cubrir un formulario. Un xesto co que podes salvar varias vidas", apuntou.

O director xeral do Breogán, Tito Díaz, amosou a súa satisfacción "por contribuir cunha iniciativa que mellora a saúde de todos" e insistiu en "poñer o altafalante do club a disposición de causas sociais".

